

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O traballo coordinado e compartido, a convivencia entre os membros do equipo docente, a asunción e reparto de responsabilidades dentro da institución educativa son factores decisivos e determinantes da calidade que ofrecen os centros educativos.

O modelo curricular da Lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro, que lles asigna ós centros, dentro da súa autonomía, o compromiso de deseño e tamén a aplicación do currículum, fai necesario que todos e cada un dos membros da comunidade educativa asuman a súa función para vertebrar un proxecto común que lle outorgue ó centro identidade propia.

O presente decreto ten como fin proporciona-lo marco legal que facilite o funcionamento dos centros como entidades integradas na realidade galega que contribúan a un auténtico ensino galego respondendo ás características socioeconómicas e culturais propias de Galicia e de cada centro.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do Consello Escolar de Galicia, oido o Consello Consultivo de Galicia, e da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezasete de outubro de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO:

Artigo único.

Apróbase o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se publica no seguinte anexo.

Disposición adicional

Primeira.-Este regulamento será aplicable ós centros privados concertados e non concertados en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela, agás ás escolas reguladas pola Orde do 28 de febreiro de 1996 (DOG do 20 de marzo), da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

Segunda.-As referencias que neste regulamento se fan ós titulares legais entenderanse, por extensión, ós titulares ordinarios, así como ás persoas ou institucións que teñen a garda e protección dos menores.

Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas as seguintes normas:

a) Decreto 63/1988, do 17 de marzo, sobre constitución de colexios rurais agrupados de educación xeral básica e preescolar.

b) Orde do 14 de abril de 1988 pola que se establece o procedemento para a constitución de colexios rurais agrupados de educación xeral básica e preescolar.

c) Todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se oponan a este decreto.

Disposición derradeira

Primeira.-Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dictar tódalas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor ó dia seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de outubro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria

TÍTULO I Disposicións preliminares

Artigo 1º

1. As escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, son centros docentes públicos que imparten as ensinanzas de educación infantil e primaria, respectivamente.

2. A creación das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria ás que se refire o apartado anterior correspónelle ó Goberno da Xunta de Galicia mediante Decreto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autoriza-la creación, supresión ou transformación de unidades de educación infantil ou de educación primaria que se estime, de acordo coas necesidades de atención escolar e as características da poboación.

4. Así mesmo, por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá modificarse a rede de centros existente en función da planificación do ensino. A modificación incluirá as agrupacións e desdobramentos necesarios para a eficaz utilización dos recursos disponibles e a calidade do servizo público da educación.

Artigo 2º

1. As escolas de educación infantil, os colexios de educación primaria e colexios de educación infantil e primaria de menos de seis unidades sitos en ámbitos rurais dunha ou varias localidades poderán agruparse para constituir un só colexio público, que gozará de plena capacidade académica, administrativa e de xestión, e que se denominará colexio rural agrupado.

2. O colexio rural agrupado disporá de denominación específica, se é o caso, así como dun domicilio concreto para os efectos administrativos.

3. As unidades obxecto de agrupación consideraranse extinguídas como tales a partir do momento no que se constitúa o colexio rural agrupado.

4. O colexio rural agrupado terá como obxectivo fundamental eleva-la calidade do ensino das comunidades rurais, así como contribuír á revitalización socioeconómica e cultural das mesmas, a través da elaboración e aplicación coordinada de proxectos educativos que permitan a integración das aprendizaxes nos contornos respectivos.

Artigo 3º

1. Os recursos humanos e materiais correspondentes ás unidades agrupadas, e aqueles que eventualmente se asignen, integraranse nos colexios rurais agrupados.

2. As instalacións docentes e, se é o caso, as deportivas, poderán estar situadas en distintas localidades.

Artigo 4º

Os alumnos escolarizados nas unidades agrupadas cursarán as ensinanzas correspondentes na localidade da súa residencia. Cando proceda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará a combinación de instalacións, profesorado e alumnos que mellor asegure a consecución de obxectivos.

Artigo 5º

1. O cadro de profesores do colexio rural agrupado será equivalente en número ó das unidades que o constitúan, sen prexuízo do profesorado especialista itinerante que puidese asignarse complementariamente.

2. A referencia dos destinos dos profesores será o colexio rural agrupado, con especificación da localidade na que obtiveron o seu destino. Para estes efectos, a convocatoria de vacantes especificará as localidades concretas do colexio rural agrupado nas que as prazas sexan obxecto da provisión.

3. O profesor desenvolverá a súa actividade docente na localidade na que obtivo o seu destino, ou en varias, se é o caso, das que componen o colexio rural agrupado, e de acordo coa distribución xeográfica dos ciclos, etapas, alumnado, proxecto educativo e as normas de ordenación académica aplicables.

Artigo 6º

1. A constitución dos colexios rurais agrupados realizarase de oficio por proposta da correspondente dele-

gación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou por instancia do órgano competente de un ou varios centros preexistentes.

En todo caso, será preceptiva a consulta ós pais de alumnos, profesores e concellos implicados.

2. As propostas ou instancias deberán ir acompañadas dunha memoria xustificativa referida ós seguintes aspectos:

–Características xeográficas do ámbito de influencia do colexio que se pretende constituir.

–Razóns que aconsellan a súa constitución.

–Relación detallada das necesidades derivadas do proxecto referidas a profesorado, gastos de funcionamento e investimentos novos, se é o caso.

3. A constitución acordarase por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na que constarán:

–Unidades obxecto da agrupación.

–Composición definitiva do colexio rural agrupado.

–Localidades atendidas.

–Domicilio, para os efectos administrativos e xurídicos, do novo centro.

Artigo 7º

Os colexios de educación especial e educación de adultos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria rexeranse por este reglamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

Artigo 8º

1. As escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria de titularidade pública dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita consellería por proposta do consello escolar do centro e con informe favorable do concello.

2. Non poderán existir no mesmo concello escolas de educación infantil ou colexios de educación primaria coa mesma denominación específica.

3. Tódolos centros utilizarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro.

4. En tódolos centros figurará na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a denominación do centro.

Tamén poderá figura-lo escudo e o nome do concello no que estea situado.

TÍTULO II

Órganos de goberno das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria

Capítulo I

Disposiciones xerais

Artigo 9º

As escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria, coas matizaciones recollidas neste regulamento, terán os seguintes órganos de goberno:

a) Unipersonais: director, xefe de estudios e secretario.

b) Colexiados: consello escolar e claustro de profesores.

Artigo 10º

1. Os colexios de educación infantil e primaria terán órganos de goberno únicos nos que participarán pais e mestres de ámbalas dúas etapas educativas.

2. No suposto previsto no apartado anterior, para determina-lo número de unidades do centro, sumaranse as correspondentes a educación infantil e a educación primaria.

Artigo 11º

A participación dos pais ou titulares legais dos alumnos, dos mestres, do persoal de administración e servicios e dos concellos, na xestión dos centros realizarase a través do consello escolar, sen prexuízo das funcións propias do claustro de profesores, de conformidade co previsto na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros públicos e no presente regulamento.

Artigo 12º

1. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios básicos da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

2. Ademais, no ámbito da súa competencia, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos ós alumnos, mestres, pais de alumnos e persoal da administración e servicios. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

Capítulo II

Órganos unipersonais de goberno, elección, nomeamento e competencias deles

Artigo 13º

Os órganos unipersonais de goberno constitúen o equipo directivo do centro. Traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións. O seu mandato será de catro anos, contados a partir do seu nomeamento e correspondente toma de posesión, agás nos centros de nova creación, que será de tres anos.

Artigo 14º

1. Nos centros con oito ou máis unidades haberá director, secretario e xefe de estudios.

2. Nos centros con seis ou sete unidades haberá director e secretario. o director asumirá as funcións do xefe de estudios.

3. Nos centros con tres, catro ou cinco unidades, o director asumirá as funcións do xefe de estudios e do secretario. As funcións de secretario no consello escolar serán asumidas polo mestre, membro de consello, que designe o director.

4. Nos centros de menos de tres unidades asumirá tódalas funcións encomendadas ós órganos de goberno unipersonais un dos profesores, designado logo de acordo entre eles. De non existir acordo, desempeñará estas funcións o máis antigo no centro, e, en caso de igualdade, o máis antigo no corpo.

Artigo 15º

O director será elixido polo consello escolar, e nomeado polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 16º

1. Poderá optar ó cargo de director calquera mestre, funcionario de carreira, que reúna os requisitos seguintes:

a) Ter, cando menos, unha antigüidade de cinco anos no corpo de mestres.

b) Exercer como mestre durante un período de igual duración en centros de educación infantil ou primaria.

c) Ter destino definitivo no centro, cunha antigüidade nel, cando menos, dun curso completo.

d) Estar acreditado pola Administración educativa para o exercicio da función directiva.

2. Nos centros incompletos de educación infantil e/ou educación primaria, nos de zonas rurais de especial dificultade, nos colexios rurais agrupados, nos que impartan ensinanzas dirixidas a persoas adultas, nos de educación especial, así como en centros de características especiais, no caso de que non existan mestres que reúnan as características do apartado 1, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá eximi-los candidatos de cumpliren algún dos mencionados requisitos.

3. Non se poderán presentar como candidatos os mestres que, por calquera causa, non vaian prestar servicio no centro no curso académico inmediatamente seguinte a súa toma de posesión como director.

4. Non poderán presentarse como candidatos aqueles mestres que exercesen como directores dese centro durante tres períodos consecutivos inmediatamente anteriores.

Para estes efectos únicamente computarán os períodos para os que fosen designados de acordo co establecido neste regulamento.

Artigo 17º

1. Os candidatos ó cargo de director deberán presentar, por escrito, ante o consello escolar, con quince días de anticipación á data da elección, a súa candidatura, a cal incluirá:

a) Programa de dirección, indicando os obxectivos que pretende alcanzar, análise do funcionamento, pro-

blemas e necesidades do centro, liñas fundamentais de actuación e proposta dos órganos de governo unipessoais da candidatura establecidos neste regulamento.

b) Acreditación para o exercicio da función directiva e condicións que permitiron esta acreditación.

c) Méritos académicos e profesionais non considerados para a acreditación.

2. O consello escolar deberá coñece-lo programa dos candidatos.

3. O claustro de profesores deberá ser informado das candidaturas e coñece-los programas presentados.

Artigo 18º

A mesa electoral estará integrada por dous mestres e un pai ou tutor legal de alumno, elixidos por sorteo entre os membros do consello escolar.

O sorteo, que será público, deberá considerala designación de membros titulares e suplentes. En ningún caso participarán en tal sorteo os candidatos á dirección.

Actuarán como presidente e secretario da mesa electoral os mestres de maior e menor idade, respectivamente.

Artigo 19º

A votación efectuarase diante da mesa electoral mediante sufraxio directo, secreto e non delegable; resultará elixido director o candidato que obteña o apoio da maioria absoluta dos membros do consello escolar.

Cando, concorrendo máis dun candidato, ningún deles obtivese a maioria absoluta, procederase no prazo de corenta e oito horas a realizar unha segunda votación na que figurará únicamente o candidato máis votado na primeira. Para ser elixido en segunda votación tamén é necesario logra-la maioria absoluta dos membros do consello escolar.

De existir empate na primeira votación, realizarase unha segunda votación, no prazo de corenta e oito horas, individualizada entre os aspirantes que igualaron no número máis elevado de votos. Decidirase por sorte a orde na que serán votados os aspirantes. Tódolos electores poderán participar na votación individualizada de cada aspirante.

En caso de seren varios os aspirantes que concorren en segunda votación resultará elixido o que, obtendo a maioria absoluta, logre máis votos.

Artigo 20º

1. A mesa electoral remitiralle a acta da elección ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, expresando, segundo proceda:

a) O candidato que obtivo a maioria absoluta.

b) Que ningún candidato alcanzou a maioria absoluta.

2. No suposto de que non se presentase ningunha candidatura será o consello escolar o que, a través do seu presidente, deberá comunicar tal extremo ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 21º

1. Cando non haxa candidatos ou, cando habéndoos, ningún obtivese a maioria absoluta, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará director por un período de catro anos a un profesor que, independentemente do centro de destino, reúna os requisitos seguintes:

a) Ter unha antigüidade, cando menos, de cinco anos no corpo da función pública docente no que exerce.

b) Estar en activo durante igual período nun centro de educación infantil ou primaria.

c) Estar acreditado pola Administración educativa para o exercicio da función directiva.

2. No caso de centros que por ser de nova creación ou por outra circunstancia debidamente xustificada, non se dispuxese de profesorado que reúna os requisitos anteriores a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará director a un mestre, funcionario de carreira que, de ser posible, reúna algún dos requisitos.

Artigo 22º

O nomeamento, que realizará o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a toma de posesión, terán efectos do 1 de xullo do ano en que se efectúe o proceso electoral.

Artigo 23º

1. O director do centro cesará nas súas funcións ó final do seu mandato ou ó producirse algúns das seguintes causas:

a) Renuncia motivada aceptada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servicios especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación vixente.

c) Cando sexa destituído polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria logo de proposta de revogación, acordada por maioria de dous tercios do consello escolar.

Artigo 24º

O director, cando incumpra gravemente coas súas obrigas poderá ser destituído ou suspendido de funcións polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria logo de informe

razoado do consello escolar do centro e audiencia do interesado.

Artigo 25º

Cando se produza o cesamento do director con anterioridade ó remate do seu mandato, por calquera das causas enumeradas nos artigos anteriores, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará un director, con carácter accidental e ata o 30 de xuño.

Artigo 26º

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do director desempeñará as súas funcións, con carácter accidental, o xefe de estudios do centro e, no caso de que non exista tal órgano, o mestre máis antigo no centro. De existiren varios profesores coa mesma antigüidade no centro, desenvolverá as funcións provisionalmente o máis antigo no corpo.

Artigo 27º

É competencia do director:

a) Representar oficialmente á Administración educativa no centro, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.

b) Representa-lo centro.

c) Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do consello escolar e do claustro.

d) Visa-las certificacións e documentos oficiais do centro.

e) Designar, de se-lo caso, o xefe de estudios e o secretario, e propoñe-lo seu nomeamento e destitución. Nomea-los coordinadores de ciclo, ó coordinador de normalización lingüística e ós titores, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

f) Executa-los acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.

g) Coordina-la elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo consello escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación.

h) Convocar e presidi-los actos académicos, o consello escolar, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica do centro, a comisión económica do consello escolar e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delega-la presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo ou do claustro.

i) Cumprir e facer cumpri-las leis e demais disposicións vixentes.

j) Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.

m) Favorece-la convivencia do centro e impoñe-las correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co Regulamento de réxime interior e cos criterios establecidos polo consello escolar.

n) Garanti-lo dereito de reunión de mestres, alumnos, pais de alumnos e persoal de administración e de servicios, de acordo co disposto na lexislación vixente.

ñ) Colaborar coa inspección educativa na valoración da función pública docente e, en xeral, nos plans de avaliación do centro.

o) Xestiona-los medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e coordinadores de ciclo e normalización lingüística, canalizando aportacións e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.

p) Promover e impulsa-las relacións do centro coas institucións do seu contorno.

q) Trasladarlle ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do centro, así como, no seu caso, as propostas de solución ós problemas existentes.

r) Facilita-la adecuada coordinación con outros servicios educativos da zona.

s) Coordinar e fomenta-la participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procura-los medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.

t) Proporciona-la información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.

u) Facilita-la información sobre a vida do centro ós distintos sectores da comunidade escolar.

v) Autoriza-los gastos de acordo co orzamento do centro e ordena-los pagamentos.

x) Realiza-las contratacións de servicios e subministracións de acordo co que regulamentariamente se estableza.

Artigo 28º

1. O xefe de estudios e o secretario, nos centros onde existan, serán designados polo director entre os mestres con destino definitivo no centro, logo de llo comunicar ó consello escolar.

2. Non poderán ser nomeados xefe de estudios ou secretario os mestres que, por calquera causa, non vaian prestar servicio no centro no curso académico immediatamente seguinte ó da súa toma de posesión.

3. O director remitiralle os nomes dos mestres que han de ocupar-los cargos ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co fin de que sexan nomeados por este. O nomeamento

e toma de posesión realizaranse con efectos do 1 de xullo seguinte á celebración das eleccións.

Artigo 29º

1. Nos centros de nova creación o xefe de estudios e, de se-lo caso, o secretario serán designados e nomeados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. En situacions excepcionais, logo de proposta do director, óido o consello escolar, poderán ser nomeados profesores que non teñan destino definitivo no centro.

Artigo 30º

O xefe de estudios e o secretario cesarán nas súas funcións ó remate do seu mandato ou ó producirse algunha das circunstancias seguintes:

a) Renuncia motivada aceptada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do director do centro.

b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servicios especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación vixente.

c) Cando cese o director que os designou.

d) Destitución polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por proposta do director mediante escrito razoad, logo de comunicación ó consello escolar.

Artigo 31º

O delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá cesar ou suspender de funcións a calquera dos membros do equipo directivo, cando exista incumprimento grave das súas funcións, logo de informe razoad do director, dando audiencia ó interesado e óido o consello escolar.

Artigo 32º

Cando cese nas súas funcións o xefe de estudios ou secretario polas causas enumeradas nos artigos anteriores, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará, para o período restante de mandato do director, ó mestre que este designe, logo de comunicación ó consello escolar.

No caso de centros de nova creación, será o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o que realice a designación e nomeamento correspondente.

Artigo 33º

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do xefe de estudios ou secretario, farase cargo temporalmente das súas funcións o mestre que designe o director, logo de comunicación ó consello escolar.

Artigo 34º

É competencia do xefe de estudios:

a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.

b) Substituí-lo director en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións

c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipessoais, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estricto cumprimento.

e) Coordina-la actividade dos coordinadores de ciclo.

f) Coordinar e orienta-la acción dos titores de acordo co plan de acción titorial.

g) Coordina-la participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organiza-las actividades de formación de profesores realizadas polo centro.

h) Coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

i) Facilita-la organización dos alumnos e impulsa-la súa participación no centro.

j) Establece-los mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamiento do centro.

m) Organiza-la atención dos alumnos nos períodos de lecer.

n) Calquera outra función que lle poida ser recomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.

Artigo 35º

É competencia do secretario:

a) Ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.

b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de governo do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.

c) Custodia-los libros e arquivos do centro coa colaboración dos coordinadores do ciclo.

d) Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

e) Realiza-lo inventario xeral do centro e mantelo actualizado.

f) Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.

g) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servicios adscrito ó centro.

h) Elabora-lo anteproxecto de orzamento do centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.

i) Ordena-lo réxime económico do centro, de conformidade coas instruccions do director, realiza-la contabilidade e render contas ante o consello escolar e as autoridades correspondentes.

l) Velar polo mantemento material do centro en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director.

m) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.

n) Presidir, se é o caso, e, por delegación do director, a comisión económica.

ñ) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

Capítulo III

Órganos colexiados de goberno, composición e atribucións deles

O consello escolar.

Artigo 36º

O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

Artigo 37º

O consello escolar das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria estará composto polos seguintes membros:

1. Centros de oito, ou máis, unidades.

a) O director, que será o seu presidente.

b) O xefe de estudios.

c) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.

d) Un representante do persoal de administración e servicios

e) Cinco mestres elixidos polo claustro.

f) Cinco representantes dos pais de alumnos.

g) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

2. Centros de seis ou sete unidades.

a) O director, que será o seu presidente.

b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.

c) Tres mestres elixidos polo claustro.

d) Tres representantes dos pais de alumnos.

e) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

3. Centros de tres, catro ou cinco unidades.

a) O director, que será o seu presidente.

b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.

c) Dous mestres elixidos polo claustro. Un deles, designado polo director, actuará como secretario, con voz e voto no consello.

d) Dous representantes dos pais de alumnos.

4. Centros dunha ou dúas unidades.

O consello escolar estará integrado polos profesores, un pai e un representante do concello.

Será presidido polo profesor que ten encomendadas as funcións correspondentes ós órganos de goberno unipessoais.

Artigo 38º

No caso de colexios rurais agrupados que pertenzan a varios concellos, cada ano académico terá a representación municipal un dos concellos de xeito rotativo. O representante municipal estará obrigado a informar a tódolos concellos dos asuntos tratados e das decisións adoptadas polo consello escolar.

Artigo 39º

1. Dos representantes que lles corresponden ós pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais más representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polos pais, nais ou titulares de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituida, que teña maior número de asociados por proposta dun representante para o consello escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

2. No caso de non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupar la praza que lle corresponde á mesma, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais. Para efectos de futura renovación parcial, asignarase a praza correspondente á proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato más votado.

Artigo 40º

Cando deban ser elixidos tódolos membros e cando se constitúa o consello escolar dos centros de nova creación, cada elector fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres ou catro nomes segundo corresponda elixir menos de tres, tres, catro ou máis de catro representantes respectivamente.

Artigo 41º

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 49º.2, dous anos despois de que se constitúa o consello escolar con tódolos membros, levarase a cabo a primeira renova-

vación parcial del e serán substituídos os seguintes membros:

a) Centros que teñan oito unidades ou máis: dous mestres e tres pais.

b) Centros que teñan seis ou sete unidades: un mestre e dous pais.

c) Centros que teñan tres, catro ou cinco unidades: un mestre e un pai.

2. Dous anos despois substituiranse os membros non considerados na renovación parcial anterior:

a) Centros que teñan oito unidades ou máis: o representante do persoal de administración e servicios, tres mestres e dous pais, un destes proposto pola asociación de pais de alumnos.

b) Centros que teñan seis ou sete unidades: dous mestres e o pai proposto pola asociación de pais de alumnos.

c) Centros que teñan tres, catro ou cinco unidades: un mestre e o pai proposto pola asociación de pais de alumnos.

3. Nos centros de unha ou dúas unidades a renovación do representante dos pais realizarase cada dous anos.

Artigo 42º

Nos centros de educación de adultos, de educación especial e colexios rurais agrupados, así como naqueles unidades ou centros de características singulares, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adapta-lo disposto no artigos anteriores ás características deles.

Artigo 43º

O consello escolar do Centro terá as seguintes atribucións:

a) Establece-las directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aprobase, avalialo e, se é o caso, introducir modificacíons, sen prexuizo das competencias que o claustro de profesores ten atribuidas en relación coa planificación e organización docente.

b) Elexi-lo director do centro

c) Propoñe-la revogación do nomeamento do director, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioria de dous tercios.

d) Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxección ó establecido na lexislación vixente.

e) Aprobar e modifica-lo Regulamento de réxime interior do centro.

f) Resolve-los conflictos e impoñe-las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas conductas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro.

g) Aproba-lo proxecto de orzamento do centro e a execución del.

h) Aprobar e avalia-la programación xeral anual do centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.

i) Aproba-la programación das actividades extraescolares e complementarias e avalia-lo seu desenvolvemento.

j) Establece-las directrices para a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas.

m) Establece-los criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.

n) Promove-la renovación das instalacións e equipamiento do centro, e vixia-la súa conservación.

ñ) Analizar e valorar-lo funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliação que do centro realice a Administración educativa.

o) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliação de centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.

p) Regula-lo procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clase ou en períodos de lecer do alumnado do centro.

Artigo 44º

No seo do consello escolar existirá unha comisión económica, integrada polo director, un mestre, un pai de alumno e o secretario, de existir este no centro. Así mesmo, poderán constituirse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, polo menos, un mestre e un pai de alumno.

Artigo 45º

Os alumnos poderán estar representados no consello escolar dos colexios de educación primaria, con voz, pero sen voto, nas condicións que establezan os respectivos regulamentos de réxime interior.

O claustro de profesores.

Artigo 46º

1. O claustro de profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes del.

2. O claustro estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servicio nel e será presidido polo director do centro.

Artigo 47º

Son competencias do claustro:

a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro e da programación xeral anual.

b) Aprobar e avalia-los proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme o proxecto educativo do centro,

c) Determinar cal é a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, así como a lingua ambiental, co fin de que o profesorado de educación infantil e primeiro ciclo a use na clase coidando á súa vez que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.

d) Aproba-lo procedemento que permita determinar de xeito individualizado o coñecemento da lingua materna dos alumnos e alumnas co fin de que sexan atendidos adecuadamente.

e) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.

f) Elexi-los seus representantes no consello escolar do centro e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.

g) Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellora-lo funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.

h) Aproba-los criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.

i) Aproba-la planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación.

j) Analizar e valora-lo rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.

m) Coñece-las candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.

n) Coordina-las funcións referentes a orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

ñ) Analizar e valora-los resultados da avaliação que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.

o) Colaborar coa inspección educativa nos plans de avaliação do centro.

Capítulo IV

Procedemento de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento dos órganos colexiados de goberno

Artigo 48º

O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos órganos colexiados de goberno rexerase polo disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril modificado polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Artigo 49º

1. A elección do consello escolar e constitución del nos centros de nova creación efectuarase no mes de outubro.

2. A primeira renovación do consello escolar producirase ó cabo dun ano ou dous, de maneira que

coincida coa renovación do resto dos consellos esco-
lares no ámbito da Comunidade Autónoma.

Artigo 50º

O quórum para a válida constitución dos órganos colexiados previstos neste regulamento, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presencia do presidente e secretario ou, se é o caso, dos que os substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros.

Se non existira quórum, o órgano constituirase en segunda convocatoria no seguinte dia lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora; neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presencia do presidente e o secretario ou persoas que os substitúan.

Sen prexuízo do anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer, con carácter excepcional, a esixencia de maioria cualificada na toma de determinadas decisións de especial importancia para o funcionamento do centro e que afecten o conxunto da comunidade educativa.

Artigo 51º

1. As reunións do consello escolar celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de tódolos membros.

2. Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, o presidente realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días a contar desde o seguinte dia a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado a partir do dia seguinte ó da entrega da petición de convocatoria.

En todo caso reunirase ó inicio e ó remate do curso.

Artigo 52º

Os profesores pertencentes ós órganos colexiados están obrigados a asistir ás reunións deles.

TÍTULO III Órganos de coordinación docente

Artigo 53º

1. Nas escolas de educación infantil e nos colexios de educación primaria con seis ou máis unidades existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

a) Equipos de ciclo.

b) Comisión de coordinación pedagóxica.

c) Equipo de normalización lingüística.

d) Equipo de actividades complementarias e extraes-
colares.

2. Nos centros con menos de seis unidades as funcións da comisión de coordinación pedagóxica, equipo de normalización lingüística e equipo de actividades

complementarias e extraescolares serán asumidas polo claustro.

3. En tódolos centros, independentemente do número de unidades, haberá un mestre tutor por cada grupo de alumnos.

Capítulo I Equipos de ciclo

Artigo 54º

1. Os equipos de ciclo, que agruparán a tódolos mestres que imparten docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudios, as ensinanzas propias do ciclo.

2. Son competencias do equipo de ciclo:

a) Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.

b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagógica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.

c) Manter actualizada a metodoxia didáctica.

d) Elabora-la programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, segundo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagógica.

Artigo 55º

1. Cada un dos equipos de ciclo estará dirixido por un coordinador.

2. Os coordinadores de ciclo desempeñarán o seu cargo durante dous cursos académicos e serán designados polo director, oido o equipo de ciclo.

3. Os coordinadores de ciclo deberán ser mestres que imparten docencia no ciclo preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro.

Artigo 56º

Corresponde ó coordinador de ciclo:

a) Dirixir e coordina-las actividades académicas do equipo de ciclo.

b) Convocar e presidi-las reunións do equipo de ciclo.

c) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagógica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.

d) Coordina-las funcións de tutoría dos alumnos de ciclo.

e) Coordina-la ensinanza no correspondente ciclo de acordo co proxecto curricular de etapa.

f) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.

g) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.

h) Coordina-la organización de espacios e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.

i) Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudios na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

l) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

Artigo 57º

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluirá, necesariamente, os seguintes aspectos:

a) Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia ós mínimos esixibles.

b) A metodoxia didáctica que se vai aplicar.

c) Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos.

d) As actividades de recuperación e os reforzos para logra-la dita recuperación.

e) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos.

f) A programación correspondente ós temas transversais.

g) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de ciclo.

h) As medidas de atención á diversidade e se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos que as precisen.

Artigo 58º

Os profesores programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ó que pertenzan, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor decida incluir na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación, e a xustificación correspondente, incluirase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagógica.

Artigo 59º

Os coordinadores de ciclo cesarán nas súas funcións ó final do seu mandato ou ó producirse algúna das causas seguintes:

a) Renuncia motivada aceptada polo director, oido o equipo de ciclo.

b) Revogación polo director por proposta do equipo de ciclo mediante informe razoad, con audiencia do interesado.

Artigo 60º

Cando cese algún coordinador antes de finaliza-lo prazo para o que foi nomeado, o director nomeará un profesor que o substitúa ata o 30 de xuño, de acordo co procedemento sinalado no artigo 55º.

Capítulo II

Comisión de coordinación pedagógica

Artigo 61º

A comisión de coordinación pedagógica estará integrada polo director, como presidente; nos centros onde exista, o xefe de estudios; os coordinadores de ciclo; o profesor de apoio á atención de alumnos con necesidades educativas especiais e o coordinador do equipo de normalización lingüística; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director, óidos os restantes membros.

Artigo 62º

A comisión de coordinación pedagógica terá, en relación co réxime de funcionamento regulado no título IV deste regulamento, as seguintes competencias:

- a) Elevar propostas ó claustro co fin de establece-los criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción titorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- c) Asegura-la coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción titorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluidos no proxecto curricular.
- e) Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- g) Canaliza-las necesidades de formación do profesorado cara ó centro de Formación Continuada do Profesorado.
- h) Realizar, de se-lo caso, a proposta ó xefe de estudios co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- i) Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

Capítulo III

Equipo de normalización lingüística

Artigo 63º

1. Para potencia-lo uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de normalización lingüística, constituído por:

- a) Un profesor de cada ciclo, por proposta dos seus integrantes.
- 2. Os membros do equipo serán nomeados polo director.
- 3. Poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outras membros da comunidade educativa.

Artigo 64º

É competencia do equipo de normalización lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán no proxecto educativo do centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagógica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagógica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presencia da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

Artigo 65º

1. A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor del, preferentemente con destino definitivo no centro.

2. Nos centros con tres, catro ou cinco unidades asumirá as funcións de coordinación dos plans de normalización lingüística o director.

Artigo 66º

O coordinador, que será nomeado polo director por proposta dos componentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso, e cesará ó final deles ou cando se dea algunha das causas previstas no artigo 59º.

Artigo 67º

Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüística antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director nomeará, de acordo co procedemento sinalado no artigo 66º, un profesor ata 30 de xuño.

Artigo 68º

Son competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.

b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.

c) Convocar e presidi-las reunións do equipo.

d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluirá na memoria do centro.

e) Proporcionarles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

Capítulo IV

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

Artigo 69º

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Artigo 70º

Teñen carácter de extraescolares aquellas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

Artigo 71º

1. O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

2. Este equipo estará integrado polo seu xefe, para cada actividade concreta, polos profesores que participan nela.

Artigo 72º

1. O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares será un profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director por proposta do xefe de estudios, oída a comisión de coordinación pedagóxica.

2. O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudios e en estreita colaboración co equipo directivo.

3. Nos centros con tres, catro ou cinco unidades a coordinación das actividades extraescolares e complementarias será asumida polo director.

Artigo 73º

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares será nomeado por un período de dous anos e cesará ó producirse algunha das circunstancias previstas no artigo 59º.

2. O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudios e en estreita colaboración co equipo directivo.

Artigo 74º

Cando cese o xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director nomeará de acordo co procedemento sinalado no artigo 66º un profesor ata 30 de xuño.

Artigo 75º

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:

a) Elabora-lo programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

b) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

c) Proporcionarles ós alumnos e ós pais a información relativa ás actividades do equipo.

d) Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.

e) Coordina-la organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos.

f) Distribuí-los recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo de aprobación polo consello escolar.

g) Organiza-la utilización da biblioteca do centro.

h) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluirá na memoria de centro.

i) Presentar propostas ó equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Artigo 76º

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

a) Aprobación do consello escolar.

b) Autorización escrita dos pais ou tutor legal.

c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.

Artigo 77º

Os centros facilitarán e promoverán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares

Artigo 78º

Os centros, coa aprobación do consello escolar, poderán establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, director xeral de Centros e Inspección Educativa ou conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

Artigo 79º

As administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsa-las actividades extraescolares e complementarias e promove-la relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor

Capítulo V Titores

Artigo 80º

1. A titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente.

2. Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo director a proposta do xefe de estudios.

3. O xefe de estudios coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Artigo 81º

1. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudios.

b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respuestas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.

g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.

h) Orienta-los alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informa-lo equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.

m) De se-lo caso, organizar e presidi-las sesións de avaliación.

n) Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.

ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudios.

p) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.

q) Orienta-las demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

r) Informa-los alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

s) Facilita-la cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.

t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.

u) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.

v) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados os pais ou titores e o xefe de estudios.

x) Fomenta-la colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

Capítulo VI

Atención ós alumnos con necesidades educativas especiais

Artigo 82º

A coordinación da atención ós alumnos con necesidades educativas especiais será realizada polo profesor de apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais. Este profesor será especialista en educación especial.

Artigo 83º

Os alumnos con necesidades educativas especiais recibirán atención docente directa por parte dos profesores do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso, do profesorado de apoio na propia aula.

Excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanxe facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula.

Artigo 84º

Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais desenvolverá as seguintes funcións:

a) Coordinar, en colaboración co xefe de estudios, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalidez física, psíquica ou sensorial.

b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagógica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.

c) Orienta-lo profesorado que imparta docencia ó alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

d) Colaborar co profesor tutor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.

e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

TÍTULO IV

Réxime de funcionamento

Artigo 85º

Os centros disporán de autonomía para defini-lo modelo de xestión organizativa e pedagógica, que deberá concretarse no proxecto educativo do centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento.

Capítulo I

Proxecto educativo do centro

Artigo 86º

1. O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do centro de acordo cos criterios establecidos polo

consello escolar e as propostas realizadas polo claustro.

2. O proxecto educativo do centro será aprobado e avaliado polo consello escolar.

3. O equipo directivo procurará amosa-lo proxecto educativo de maneira que permita un mellor coñecemento del cara a orienta-los alumnos e alumnas e os seus pais, favorecendo deste xeito unha identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.

Artigo 87º

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, o proxecto educativo fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluirá:

a) A organización xeral do centro, que se orientará á consecución dos fins establecidos no artigo 1 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no artigo 2 da mencionada lei.

b) Os fins e as intencións educativas do centro de acordo coa identidade propia del.

c) Os obxectivos do centro tendentes a logra-la normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

d) A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten nel e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.

e) O Regulamento de réxime interior do centro.

f) A oferta do centro en canto a actividades e servicios.

g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servicios sociais e educativos do concello e outras institucións.

Artigo 88º

A inspección educativa supervisará o proxecto educativo para comproba-la adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo II

Proxecto curricular de etapa

Artigo 89º

A comisión de coordinación pedagógica supervisará a elaboración e responsabilizarase da redacción do proxecto curricular para cada unha das etapas educativas que se impartan no centro, de acordo co currículo oficial e os criterios establecidos polo claustro.

No proceso de reflexión e discusión, a comisión de coordinación pedagógica promoverá e garantirá a participación de todos los profesores e solicitará os apoios necesarios dos órganos existentes para o efecto dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 90º

Os proxectos curriculares de etapa e as súas modificaciones anuais serán aprobados polo claustro de profesores.

Artigo 91º

Os proxectos curriculares de etapa incluirán:

1. As directrices xerais e as decisións seguintes:

a) A adecuación dos obxectivos xerais da educación infantil e primaria ó contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características dos alumnos, tendo en conta o establecido no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se regula o uso do galego no ensino e na administración educativa, así como o establecido no proxecto educativo do centro.

b) Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía.

c) Os procedementos para avalia-la progresión na aprendizaxe do alumnado e os criterios para a promoción de ciclo.

d) Características e tipo de informes que se utilizarán para transmitir la información que se derive da avaliación.

e) Orientacións para incorporar, a través das distintas áreas da educación primaria, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, sexual, para a saúde, a educación do consumidor e a vial.

f) Criterios, e procedementos previstos para organizar la atención á diversidade dos alumnos. Cando existan alumnos con necesidades educativas especiais incluiranse os criterios para realizar las adaptacións curriculares apropiadas para estes alumnos.

g) Criterios para avaliar e, se é o caso, revisar los procesos de ensinanza e a práctica docente dos profesores.

2. O plan de acción titorial.

3. As programacións didácticas dos equipos de ciclo.

Artigo 92º

A inspección educativa supervisará o proxecto curricular para comprobar la adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo III Regulamento de réxime interior

Artigo 93º

1. O Regulamento de réxime interior será elaborado polo equipo directivo e aprobado polo consello escolar. Incorporarase ó proxecto educativo do centro.

Artigo 94º

Deberá concretar, tendo en conta os recursos e características propias do centro, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A organización práctica da participación de todos los membros da comunidade educativa.

b) Normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.

c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e coordinadores de ciclo, titores, equipo de normalización lingüística e xefe de equipo actividades complementarias e extraescolares.

d) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.

e) Organización dos espacios e instalacións do centro. Normas para o correcto uso.

f) Funcionamento dos servicios educativos do centro.

g) Condicións nas que poderán estar representados con voz, pero sen voto, os alumnos no consello escolar do centro.

Artigo 95º

A inspección educativa supervisará o regulamento de réxime interior para comprobar la súa adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo IV Programación xeral anual

Artigo 96º

1. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo do centro, e terá en conta as propostas do claustro e as directrices do consello escolar.

2. Os distintos sectores da comunidade educativa, a través das súas organizacións ou individualmente poderán presentar las propostas que estimen convenientes ó equipo directivo para a programación xeral anual.

Artigo 97º

A programación xeral anual será informada polo claustro de profesores no ámbito da súa competencia e elevada, para a súa aprobación posterior, ó consello escolar do centro, que respectará, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.

Artigo 98º

1. A programación xeral anual incluirá os seguintes documentos:

a) Obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que haxa que desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.

b) Horario xeral do centro e criterios pedagógicos para a súa elaboración.

c) Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

d) Documento de organización do centro, que incluirá a estructura orgánica do centro, a estatística de principio de curso e a situación das instalacións e do equipamento.

e) Programa anual de formación do profesorado e organización dos servicios complementarios, se é o caso.

2. Incluiranse como anexo á programación anual o proxecto educativo e os proxectos curriculares de etapa do centro e, de se-lo caso, as modificacións posteriores. De non sufrir modificación, non se incluirán de novo, facendo a observación de que seguen vixentes.

Artigo 99º

1. Unha vez aprobada a programación xeral anual, un exemplar dela quedará na secretaría do centro a disposición dos membros da comunidade educativa, e outro remitírselle ó servizo provincial de inspección educativa.

Artigo 100º

A inspección educativa supervisará a programación xeral anual para comproba-la súa adecuación ó establecido nas disposicións vixentes e no proxecto educativo de centro, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

TÍTULO V Réxime económico do colexo

Artigo 101º

As escolas de educación infantil e colexios de educación primaria disporán de autonomía na súa xestión económica no marco establecido na normativa vixente.

Artigo 102º

1. Sen prexuízo de que tódolos centros reciban os recursos económicos necesarios para cumpri-los seus obxectivos con criterios de calidade poderán obter recursos complementarios. Estes recursos deberán ser aplicados ós seus gastos de funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

2. Os centros poderán ademais recibir achegas voluntarias dos pais de alumnos ou outras institucións, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 103º

A comisión económica, logo de aprobación no consello escolar, deberá presentar para a súa autorización polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o plan de accións encamiñadas á obtención dos recursos complementarios ós que se refire o artigo anterior.

Artigo 104º

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá delegar nos órganos de goberno dos

centros a adquisición de bens, contratación de servicios e subministracións, cos límites que na normativa correspondente se establezan.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá delegar nos órganos de goberno dos centros as competencias que a mesma determine, responsabilizando os directores da xestión dos recursos materiais, postos a disposición do centro.

3. O exercicio da autonomía dos centros para administrar estes recursos estará sometido ás disposicións que regulan o proceso de contratación, realización e xustificación do gasto para as administracións educativas.

TÍTULO VI Asociacións de pais de alumnos

Artigo 105º

1. Nas escolas de educación infantil e colexios de educación primaria poderán existir las asociacións de pais de alumnos, de acordo coa lexislación vixente.

2. Estas asociacións poderán:

a) Elevarlle propostas ó consello escolar para a elaboración do proxecto educativo e ó equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.

b) Informa-lo consello escolar daqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportuno.

c) Informa-los asociados da súa actividade.

d) Recibir información, a través dos seus representantes no consello escolar, sobre os temas tratados nel.

e) Elaborar informes para o consello escolar a iniciativa propia ou a petición deste.

f) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior.

g) Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.

h) Coñece-los resultados académicos referidos ó centro e a valoración que deles realice o consello escolar.

i) Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.

j) Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.

m) Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.

n) Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o consello escolar de acordo coa lexislación vixente.

Disposición transitoria

Primeira.

1. Os consellos escolares e os órganos unipersonais de goberno elixidos con anterioridade á entrada en

vigor deste Regulamento orgánico de escolas de educación infantil e colexios de educación primaria continuarán desempeñando as súas funcións ata o remate do prazo para o que foron elixidos.

2. Nos colexios de educación primaria nos que conte o disposto na disposición transitoria segunda, se imparta provisionalmente o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, formará parte do consello escolar un representante dos alumnos deste ciclo educativo.

Segunda.

1. Provisionalmente, durante o tempo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, os colexios de educación primaria que aquela sinale poderán impari-lo primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria. Co fin de garanti-la adecuada coordinación docente destes estudos ó longo da totalidade da etapa, estes colexios serán adscritos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a un instituto de educación secundaria e terán a consideración de extensión dos mesmos cando se atopen na mesma localidade.

2. Os profesores, os alumnos e os pais dos alumnos deste ciclo educativo integraranse no colexio de educación primaria e formarán parte, segundo corresponda, de tódolos órganos de goberno e de coordinación docente, e asumirán tódolos dereitos e obrigas que, como membros da dita comunidade educativa, lles son aplicables.

3. Co fin de garanti-la continuidade da etapa, os departamentos didácticos do centro de educación secundaria convxuntamente co profesorado afectado do colexio ou colexios de educación primaria elaborarán as distintas programacións didácticas de acordo co proxecto curricular de etapa. Para tal efecto, os mestres do colexio de educación primaria responsables das distintas áreas incorporaranse ós departamentos do centro de secundaria que corresponda e asistirán ás reunións do departamento para participar na elaboración, aprobación e avaliación do proxecto curricular desta etapa. As ditas reunións celebraranse en hora que permita a asistencia de tódolos profesores afectados.

4. Nos colexios de educación primaria que se transforman progresivamente en institutos de educación secundaria, mentres se escolaricen neles alumnos de educación primaria, o profesorado, o alumnado e os pais e nais ou titores legais dos alumnos desta etapa educativa integraranse no centro e formarán parte, segundo corresponda, de tódolos órganos de goberno e de coordinación docente asumindo tódolos dereitos e obrigas que, como membros da dita comunidade educativa, lles son aplicables.

Terceira.

Na primeira renovación parcial do consello escolar prevista no artigo 55º do Decreto 92/1988, do 28 de abril, e no artigo 41 deste regulamento continuarán no consello escolar os profesores e pais de alumnos

que manteñan a súa vinculación ó centro nos próximos dous anos; no seu defecto os que soamente a prolonguen un curso.

De seren varios profesores ou pais os que reúnen estas condicións, valoraranse como criterios para permanecer no consello escolar:

a) Maior número de votos alcanzado no último proceso electoral.

b) Maior antigüidade no centro.

c) Maior idade.

Cuarta.

As modificacións derivadas da aplicación da disposición transitoria segunda serán reguladas por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 7 de outubro de 1996 pola que se clasifican e se suprinen postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Vista a solicitude e a documentación achegada polo concello de Viana do Bolo (Ourense) con data 26 de setembro de 1996, relativa á modificación da clasificación do posto de secretaría, actualmente de clase segunda, en secretaría de clase terceira, correspondente á subescala de secretaría-intervención.

Esta consellería de conformidade co establecido no artigo 159.1º do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e nos artigos 2 e 9 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13.2º 17 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.–Modifica–la clasificación do posto de secretaría do Concello de Viana do Bolo, provincia de Ourense, quedando clasificado en clase terceira.

Segundo.–Suprime–lo posto de intervención do devandito concello.

Contra a presente orde, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso–administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG, ante a Sala do Contencioso–Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto no artigo 58 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso–administrativa do 27 de decembro de 1956, logo de comunicarollo a esta